

MÉTODOS DE ACTUACIÓN CONCRETOS NA PREVENCIÓN DOS INCENDIOS



ADEGA amosou a súa posición con respecto á problemática do lume, en boca da súa presidenta Adela Figueroa, nas Xornadas de Debate que organizou sobre os Incendios Forestais. Os argumentos que esgrimiu a asociación ambientalista nestas xornadas foron os mesmos que trasladou ao Parlamento de Galiza o pasado 6 de outubro, onde compareceu como axente social e como parte do sector ecoloxista galego na Comisión de Estudo sobre as causas e consecuencias dos incendios forestais, aberta a debate tras a crise incendiaria do pasado verán. ADEGA afondou na necesidade de políticas de prevención, nas que se determine un mapa de riscos e se implique o total da sociedade galega.

A presidenta de Adegas, Adela Figueroa, fixo especial fincapé no valor ecolóxico do monte como regulador do balance hídrico e hidrolóxico, como reciclador de substancias e nutrientes, como creador de solo e de biodiversidade fronte á erosión e como regulador dos caudais fluviais. O monte verde e habitado representa tamén un importante sumidoiro de CO₂ fronte ao efecto invernadoiro e axúdanos a cumprir o acordo de Quioto e a reducir a "pegada ecolóxica".

O problema dos incendios non é novo no noso país, dixo Adela Figueroa, é un problema reiterado e derivado de varias causas estruturais ou de fondo. Unha delas é a aplicación dunha política forestal de replantacións masivas con especies resinosas (coníferas) e pirófitas (eucaliptos) en terreos, tradicionalmen-

te, de man común que foron roubados aos veciños, provocando o abandono do rural e, por conseguinte, o abandono dos montes. O desprezo polos costumes e prácticas sustentábeis do medio rural tradicional e a obrigada adaptación dese medio ás leis do mercado global levaron cara unha total desestruturación do agro e do monte.

A pesares de que o ditame feito pola "Comisión para o estudo da problemática dos incendios forestais" dos anos 80 se pode trasladar literalmente á situación actual, Adegas non entende porque non se teñen tomado máis medidas nos últimos vinte anos, por exemplo, en prevención (aumentou progresivamente o gasto en extinción) ou a favor da plantación de especies caducifolias (máis resistentes ao lume que as pirófitas). Ao contrario, estívese a favorecer ás plan-

tacións de eucaliptos e piñeiros, especies adaptadas bioloxicamente ao lume. E segue a haber intencionalidade, polo que ADEGA reclamou a toda caste de cores políticos, á xustiza e á sociedade galega en xeral un rexeitamento público da actividade incendiaria e o tratamento de delito criminal grave da mesma. Propuxo traballar a favor dun grande pacto político polo monte.

"Os lumes do verán apáganse no inverno", apuntou Adela Figueroa con respecto a toma en consideración de medidas de prevención efectivas que procuren a sustentabilidade dos recursos do monte durante todo o ano. O dispositivo de prevención do lume, permanente, debe de constar dun mapa de risco definido e da implicación organizada da sociedade afectada polo lume.

Para determinar os riscos de incendios forestais, segundo Adela Figueroa, hai que ter en conta factores como a perigosidade, é dicir, a frecuencia ou probabilidade de incendio (maior nun eucaliptal ou nun bosque con residuos secos...); a exposición, ou número de bens e persoas posíbeis de ser afectados social e economicamente polo lume (implica a ordenación do territorio baseada na estrutura comarcal e a creación dunha "estratexia de emerxencia e vixilancia"); e a vulnerabilidade, que representa a porcentaxe de perdas humanas e materiais (cortalumes, depósitos de auga accesíbeis, o distanciamento entre masas forestadas e núcleos poboacionais... poden reducir a vulnerabilidade). A elaboración dun mapa de riscos de incendios forestais en Galiza faríase tendo en conta os factores indicados. O

mapa de riscos permitiría unha intervención rápida, condicionado polas modificacións ambientais e suxeito á revisión cada certo tempo.

Outra das medidas de actuación que propón Adegas con respecto á problemática dos lumes é a implicación da sociedade organizada, sustentada nun traballo social intenso de concienciación, de educación ambiental e de responsabilidade social. A metodoloxía a aplicar, neste caso, podería ser a chamada CDM (Colaborative Decision Making) ou, o que é o mesmo, a planificación da acción a partir da busca conxunta de solucións polos diferentes sectores implicados: os políticos, os técnicos-expertos ou teórico-científicos, o sector social afectado (comunidades de montes, propietarios forestais e cidadáns en

xeral) e o voluntariado en defensa do monte. As unidades territoriais de acción coincidirían coas demarcacións comarcais ou con aquelas definidas adecuadamente polo mapa de riscos. Todas as unidades de acción estarían constituídas nun "Consello de Actuación contra o Lume por Colaboración" no que participaría: un presidente, un alcalde por zona, un enxeñeiro de montes, dous ou máis veciños labradores da comarca, un gardarríos ou gardabosques, un representante do SEPRONA ou da Garda Civil, un experto en meteoroloxía, un ou dous arqueólogos, un ou dous biólogos, dous ou máis expertos en lumes forestais e protección civil.

Esta metodoloxía de traballo permitiría, segundo ADEGA, minimizar o factor vulnerabilidade ao risco de incendios forestais en Galiza. A asociación ambientalista culpou ás políticas comunitarias de obrigar aos habitantes galegos do agro a escapar cara as cidades, descompensando á poboación e a demografía e aumentando o risco de incendios e pragas no monte. Un efecto aínda máis grave se temos en conta que Galiza é unha das potencialidades maiores de Europa polos seus riquísimos sistemas agroforestais e silvícolas e potencial agroalimentario.

ADEGA fixo un chamamento aos responsábeis políticos para que elaboren urxentemente un Plano Forestal Galego que encamiñe medidas cara á produción, conservación e uso social que atenda á diversificación forestal con predominancia das especies autóctonas. Ese Plano Forestal debería potenciar os diversos recursos do monte, favorecendo a creación de pequenas industrias relacionadas. Así mesmo, potenciaría as plantacións mixtas árbores-prado nas que o gando contribuíra a incrementar a calidade dos produtos baixo sistemas de xestión silvopastoril. No planeamento que propón Adegas aos axentes políticos inclúese ademais a limitación e localización das especies pirófitas (eucaliptos e piñeiros), a mellora xenética das especies propias de Galiza, a diversificación industrial do monte (madeira, farmacia, produtos alimentarios), a potenciación de industrias dedicadas á reciclaxe e aforro de papel en detrimento das celulosas, a rendibilización dos residuos de cortas e matogueiras (compostaxe, biomasa sustentábel...), estruturas permanentes de prevención e coidado de montes, e un Plano que en si mesmo reduza o risco de lume.

